



## FICHA RESUMO

**CM 410A 2011/5-5**

<b>Ano</b>	2011
<b>Entidade</b>	CONFRARIA DE PESCADORES SAN ANTONIO DE CAMBADOS
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ

<b>Especies</b>	Casulo ( <i>Diopatra neapolitana</i> ), Mangón ( <i>Arenicola marina</i> ), Miñoca ( <i>Hediste diversicolor</i> ).
<b>Ámbito do plan</b>	Zona I: Saco de Fefiñáns (AR-015) Zona II: Pantalán (AR-013), Fefiñáns (AR-12). Zona III: Sarrido (AR-011)(Varal). Zona IV: Sarrido (AR-011)(Mar de Frades, Bebederos, Sarrido Medio).
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
16		
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Si Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
<b>Días máximos de extracción</b>		140									
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : do 16 de marzo ao 31 de outubro											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	Outub	novemb	dec
		X	X	X	X	X	X	X	X		

<b>Cotas máximas de captura (individuos/mariscadora/día):</b> 800 individuos/día para o conxunto das especies, non podendo superar en ningún caso os seguintes cupos por especie:		
<b>Especies</b>	Zona IV	Zona I, II e III
<i>Arenicola marina</i>	800 individuos	800 individuos
<i>Diopatra neapolitana</i>	400 individuos	800 individuos
<i>Hediste Diversicolor</i>	800 individuos	800 individuos

<b>Artes a empregar</b>	Sacho ou Forquilla.
-------------------------	---------------------

<b>Puntos de control</b>	Galpón da rúa de Montesaco en Santo Tomé e lonxa de Tragove
<b>Puntos de venda</b>	lonxa de Tragove

<b>Outras consideracións<sup>(9)</sup></b>
<b>Ámbito do plan:</b> En relación coa zona de traballo, deberanse respectar as limitacións que se poidan establecer no informe que emita a Consellería de Medio Rural sobre a autorización



previa para desenvolver o plan de explotación para o 2011 no banco de O Sarrido integrado na zona de especial protección dos valores naturais Complexo Ons- O Grove.

**Arte de captura:** Con respecto ao método de captura, de acordo co artigo 2º da orde de 6 de febreiro de 1998, na modalidade de a pé só pode utilizarse sacho, pa ou forquita.

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volverse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

**Calendario de extracción:** De acordo co establecido no artigo 7º da orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e en horario autorizado pola normativa vixente.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao departamento territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Extracción simultánea** de poliquetos con outros recursos: O artigo 4º da Orde do 6 de febreiro de 1998, establece que en ningún caso poderá simultanearse a extracción de poliquetos coa doutros recursos.